

**FRANCISCO JAVIER CASTIÑEIRA IZQUIERDO, secretario da SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO, SA (TUSSA),**

**CERTIFICO:** Que entre as actas da Xunta Xeral da Sociedade consta a que se transcribe como segue:

“No Salón de Plenos da Casa Consistorial do Excmo. Concello, ás 9.05 horas do día 29 de xuño de 2015, reúnese en sesión ordinaria a Xunta Xeral da Sociedade Municipal de xestión do transporte urbano de Santiago de Compostela (TUSSA).

**Asiste:**

Como presidente: D. MARTIÑO NORIEGA SÁNCHEZ

**Asisten ademais:**

**COMPOSTELA ABERTA (CA):** DONA MARÍA ROZAS PÉREZ. DON JORGE CARLOS DUARTE VÁZQUEZ. DON XAN XESÚS DURO FERNÁNDEZ. DONA CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ. DON MANUEL DIOS DIZ. DONA NOA MARÍA MORALES SÁNCHEZ.

**PARTIDO POPULAR (PP):** DON AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS. DONA MARÍA JOSÉ CASTRO CARBALLAL. DON ALEJANDRO SÁNCHEZ-BRUNETE VARELA. DONA MARÍA ÁNGELES ANTÓN VILASÁNCHEZ. DONA MARÍA JOSÉ CORRAL LÓPEZ. DONA MARÍA TERESA CANCELO MÁRQUEZ. DON CLAUDIO RICARDO MONTIEL CARRACEDO.

**PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA (PSdeG-PSOE):** DON FRANCISCO REYES SANTIÁS. DONA MARÍA JOSÉ TOBAR QUINTANAR. DON GONZALO MUIÑOS SÁNCHEZ. DONA MARÍA MILAGROS CASTRO SÁNCHEZ.

**BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG):** DON RUBÉN CELA DÍAZ. DONA MARÍA GORETTI SANMARTÍN REI.

**Así mesmo, asisten:** D. FRANCISCO JAVIER CASTIÑEIRA IZQUIERDO, secretario da Sociedade, Dona ANA E. GAGO FERNÁNDEZ, vice interventora municipal e D. JOSÉ RAMÓN MOSQUERA FERREIRO, xerente da Sociedade.

**Non asisten:** DONA BRANCA PETRA NOVO REY, DONA MARTA IRENE LOIS GONZÁLEZ, DON RAFAEL PEÑA VIDAL, DON MANUEL MARTÍNEZ VARELA e DONA TERESA MARÍA GUTIÉRREZ LÓPEZ

Declárase validamente constituída a Xunta Xeral ordinaria, coa asistencia de todos os membros do Pleno da Corporación, a excepción de Dona Branca Petra Novo Rey (CA), Dona Marta Irene Lois González (CA), Don Rafael Peña Vidal (CA), Don Manuel Martínez Varela (PP) e Dona Teresa María Gutiérrez López (PP)...

.... ACORDOS

**1. APROBACIÓN DAS CONTAS ANUAIS, MEMORIA DE XESTIÓN E DISTRIBUCIÓN DE RESULTADOS RELATIVO AO EXERCICIO 2014.**

O xerente presenta as contas anuais da Sociedade, formuladas en Consello de Administración de 27 de marzo de 2015 e que se compoñen da seguinte documentación: memoria, balance, conta de perdas e ganancias e estado de cambios no patrimonio neto abreviados; informe de cumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria e informe de auditoría favorable e sen observacións.

Logo de facer unha breve exposición do informe de xestión entregado coa convocatoria, o xerente solicita dos membros da Xunta Xeral a aprobación das contas do exercicio 2014 de acordo coa PROPOSTA presentada, que é do teor seguinte:

*“PRIMEIRO: Aprobar as Contas Anuais correspondentes ao exercicio 2014, pechado a 31 de decembro de 2014, que se compoñen do balance, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios do patrimonio neto e a memoria, que foron formuladas polo Consello de Administración da sociedade con data 27 de marzo de 2015, seguindo o seu modelo abreviado.*

*As Contas Anuais aprobadas uniranse á acta da sesión formando parte integrante da mesma.*

**SEGUNDO:** *Aprobar a distribución dos resultados do ano 2014 nos seguintes termos:*

<b>Base de reparto</b>	<b>Exercicio 2014</b>
<i>Perdas e ganancias (BENEFICIOS)</i>	<i>52.644,92</i>
<i>Perdas e ganancias (PERDAS)</i>	<i>0,00</i>
<b>TOTAL BASE DE REPARTO</b>	<b>52.644,92</b>
<b>Distribución</b>	<b>Exercicio 2014</b>
<i>Reservas Estatutarias</i>	<i>52.644,92</i>
<b>TOTAL DISTRIBUCIÓN</b>	<b>52.644,92</b>

**TERCEIRO:** *Delegar a sinatura da acta nos membros da corporación que se acorde”*

....

Procédese a continuación coa votación da proposta presentada, co resultado de 14 votos a favor, os dos membros de Compostela Aberta e Partido Popular, e 6 abstencións, as dos membros do grupo socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Polo tanto, as contas do exercicio 2014 quedan aprobadas por maioría.

....

O Sr. presidente pecha a sesión ao fío das 9.18 horas”

O transcrito correspóndese co seu orixinal, que non contén nada que o modifique ou limite.

As contas anuais do exercicio 2014 formuláronse en formato *Pemes* ao cumprir a Sociedade a totalidade dos requisitos que establece o artigo 2.1 do RD 1515/2007 polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de *Pemes*.

Así mesmo, certifico que na Sociedade se atopa un modelo de contas anuais do exercicio 2014, debidamente asinado polos membros do Consello de Administración.

E para que conste, expido esta certificación en Santiago de Compostela, o vinte e tres de xullo de dous mil quince.



*Visto e praxe,*

**O PRESIDENTE DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN,  
D. Martiño Noriega Sánchez**

**O SECRETARIO,  
Asdo./Francisco Javier Castiñeira Izquierdo**

